

PARQUES FORESTAIS



CONCELLO
DE VIGO



Área de Parques e Xardíns
Área de Medio Ambiente

Os parques forestais do municipio teñen unha superficie total de 690.433 m². A maioría atópanse na parte alta de Vigo e son grandes balcóns verdes sobre a ría onde gozar da natureza, das zonas de recreo e das vistas espectaculares que ofrecen. Todos son de propiedade comunal e, grazas ao esforzo das e dos veciños, conservan un ecosistema que resistiu o paso do progreso e que se está a mellorar coa reforestación con árbores autóctonas efectuada polo Concello.



- 1 **Teis-A Madroa**

- 2 **Vixiador-Candeán**

- 3 **Bandeira**

- 4 **Bembrive**

- 5 **Beade**

- 6 **Zamáns**


Pictogramas

- | | |
|---|---|
|  Lago artificial |  Auga |
|  Parque infantil |  Bar |
|  Vistas panorámicas |  Mesas |



PARQUES FORESTAIS

CONCELLO DE VIGO

7 Comesaña



8 Monte Alba-Cepudo



9 Monte dos Pozos-Valadares



10 Coruxo



11 Oia



12 Saiáns



Pictogramas

 Lago artificial

 Parque infantil

 Vistas panorámicas

 Auga

 Bar

 Mesas





VALOR AMBIENTAL E SOCIAL

- 1.** Incrementan o valor das paisaxes: integran os espazos e minimizan o impacto urbano.
- 2.** Axudan a conservar a biodiversidade: neles atopan alimento animais silvestres e todo tipo de compoñentes vivos.
- 3.** Amortecen a radiación solar e suavizan a temperatura no verán e no inverno.
- 4.** Evitan a erosión do chan e regulan os caudais de auga da superficie e subterráneos.
- 5.** Diminúen a contaminación, purifican e aromatizan o aire que respiramos.
- 6.** Conforman espazos de ocio, crean postos de traballo e melloran a calidade de vida.
- 7.** Proporcionan froitos e plantas aromáticas, facilitan o crecemento de cogomelos...

PARQUES FORESTAIS

CONCELLO DE VIGO



Gustavo Santos

TEIS-A MADROA

Situación: na parroquia de Teis.

Superficie: 29.989 m².

Arboredo: piñeiros, acacias negras, piñeiros mansos e carballos.

Para destacar: nas proximidades do parque atópase o Zoo de Vigo, que ten parque infantil, planetario e merendeiro cuberto. Miradoiro con impresionantes vistas ás dúas beiras da ría, da ponte de Rande e da cidade. Nos arredores quedan restos dun castro romano.

VIXIADOR-CANDEÁN

Situación: na parroquia de Candeán.

Superficie: 184.878 m².

Arboredo: carballos americanos, carballos, bidueiros, castiñeiros e acacias negras.

Para destacar: este gran parque inclúe os montes de Vixiador e Candeán e conta cunha pradearía naturalizada e zona de xogos de 3.545 m². A primeira fin de semana de setembro acolle a romaría de Vixiador, con actuacións folclóricas e asados comunitarios.



Gustavo Santos

BANDEIRA-CABRAL

Situación: na parroquia de Cabral.

Superficie: 12.000 m².

Arboredo: plataneiros, bidueiros, castiñeiros, cedros pendula, faias, piñeiros, carballos...

Para destacar: ten 18 especies diferentes de árbores, entre as que destacan dous ginkgo biloba, pola súa rareza na zona. Todos os anos, a finais de maio ou principios de xuño, aos nenos e nenas dos colexios da parroquia celebran o Día da Árbore no parque.



Gustavo Santos



Gustavo Santos

BEMBRIVE

Situación: na parroquia de Bembrive.

Superficie: 44.913 m².

Arboredo: piñeiros e carballos.

Para destacar: unha senda une este parque forestal co de Beade, pola antiga ruta do río Eifonso, onde podemos ver unha fervenza e varios muíños de auga. Na carballeira dos Ramallos celébrase unha popular romaría que ten lugar na ermida de san Cibrán.

PARQUES FORESTAIS

CONCELLO DE VIGO



Gustavo Santos

BEADE

Situación: na parroquia de Beade.

Superficie: 93.009 m².

Arboredo: variadas especies caducifolias e perennes, como castiñeiros, liquidámbar e pradairos.

Para destacar: unha atalaia para ver a cidade de Vigo e a súa ría. Na primeira semana de agosto celébrase a festa veciñal do monte. En maio, a parroquia organiza a festa da empánada e a coñecida festa da cereixa.

ZAMÁNS

Situación: na parroquia de Zamáns.

Superficie: 50.000 m².

Arboredo: piñeiros, castiñeiros híbridos, carballos e sobreiras.

Para destacar: polo parque pasa a senda GR 53, que percorre os límites do municipio pola súa vertente montañosa. Os primeiros días de setembro celébrase a festa en honor da Virxe dos Aflixidos, con sardiñada, cucaña e verbena a cargo de varias orquestras.



Gustavo Santos

COMESAÑA

Situación: Comesaña.

Superficie: 29.276 m².

Arboredo: piñeiros, castiñeiros, carballos dos pantanos, carballos e carballos americanos.

Para destacar: polo parque transcorre a senda GR 53. Hai tamén interesantes penedos graníticos de formas irregulares, froito da erosión. Os puntos máis altos ofrecen magníficas vistas panorámicas da ría de Vigo e das illas Cíes.



Gustavo Santos



Gustavo Santos

MONTE ALBA-CEPUDO

Situación: na parroquia de Valadares.

Superficie: 42.190 m².

Arboredo: piñeiros, cedros, tuias xigantes e carballos.

Para destacar: os montes Alba e Cepudo teñen miradoiros a máis de 500 metros de altura que ofrecen vistas impresionantes da cidade e das Rías Baixas. Din que os días despegados pode verse ata Fisterra. O monte Alba está coroado pola ermida de Nosa Señora da Alba.

PARQUES FORESTAIS

CONCELLO DE VIGO



Gustavo Santos

MONTE DOS POZOS-VALADARES

Situación: na parroquia de Valadares.

Superficie: 110.679 m².

Arboredo: sobreiras, bidueiros, piñeiros e carballos americanos.

Para destacar: a panorámica que podemos observar abrangue toda a ría de Vigo, dende as praias de Samil, ou Vao, á illa de Toralla, parte de Baiona e as illas Cíes. Un dos atractivos é o lago artificial, de 2.181 m², con algúns parrulos e unha pequena ponte de madeira.

CORUXO

Situación: na parroquia de Coruxo.

Superficie: 30.420 m².

Arboredo: piñeiros, eucaliptos, bidueiros e carballos.

Para destacar: restos arqueolóxicos como a mámoa e o petroglifo de Castro Chouzo, así como os montes do Mauxo e Castro Chouzo, que son miradoiros privilexiados da ría. O martes de Entroido a comunidade de montes queima a figura do Castrón.



Gustavo Santos

OIA

Situación: na parroquia de Oia.

Superficie: 39.522 m².

Arboredo: bidueiros, carballos, plataneiros, tuias e criptomeras.

Para destacar: espazo lúdico moi empregado polos veciños e veciñas de Vigo. Conserva restos da empedrada do antigo trazado Vigo-Baiona, do Camiño de Santiago. Na zona do monte pequeno hai un petróglifo, e no límite co monte de Coruxo, os restos de dous muíños.



Gustavo Santos



Gustavo Santos

SAIÁNS

Situación: na parroquia de Saiáns.

Superficie: 23.552 m².

Arboredo: eucaliptos e carballos.

Para destacar: foi o primeiro dos parques forestais do municipio e serviu de modelo para os demais. Nel hai magníficas vistas das illas Cíes. Preto están o castro de Estea, un gran número de muíños, onde antigamente se moía o trigo, e a fonte do barrio de Fontán. Ao pé da ría levántase a igrexa de san Xurxo.